

11 Infraestruturas

En materia de infraestruturas, durante 2011 continuouse co camiño emprendido nos anos anteriores de planificación, mellora e rehabilitación espacial, ben mediante a recuperación de espazos xa construídos, ben mediante o desenvolvemento de novos proxectos, ao tempo que seguiron a se implantar melloras enerxéticas nas redes de instalacións.

Neste sentido, a Vicerreitoría e o Servizo de Arquitectura e Urbanismo agruparon o seu traballo dentro dos eixes de actuación que a continuación se enumeran. Trátase de eixes de traballo de carácter transversal, que afectan ás distintas áreas dos campus da UDC e que, con frecuencia, se enfrontan dentro de proxectos e obras que, se ben se planean cun carácter integral, débense executar en accións puntuais.

- A adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior nos centros docentes.

- O fortalecemento das infraestruturas de investigación.
- A mellora das infraestruturas relacionadas coa cultura e a extensión universitaria.
- A rehabilitación e renovación dos espazos públicos.
- A eficiencia enerxética, tanto na edificación como nas instalacións.
- A mellora da accesibilidade.
- A vivenda universitaria e a mellora dos servizos administrativos e de atención ao estudante.

A estrutura do Servizo de Arquitectura e Urbanismo centrouse nestas áreas de mellora. Porén, é importante sinalar a importancia crecente que teñen as operacións de mantemento e mantemento preventivo.

Principais actuacións

Dentro da adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior, a UDC realizou numerosas actuacións puntuais en centros. Nas facultades de Dereito, Ciencias

da Educación, Informática e Ciencias executáronse ou comezaron obras que aumentaron a superficie de aulas ou departamentos. Ademais, a UDC recibiu en

setembro o primeiro edificio da Área Científica do Parque Tecnolóxico, destinado a servir de apoio á Facultade de Informática e á Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos; e iniciou a obra dunha área de docencia exterior de deportes asociada á Facultade de Ciencias da Educación (Primeira fase do Campus Center).

No tocante ao fortalecemento da infraestruturas de investigación, o Servizo de Arquitectura aprobou tecnicamente o proxecto de execución do Centro Tecnolóxico da Terceira Idade que, xunto co Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (en execución) e o CITIC (en uso), consolidará a Área Empresarial do Parque Tecnolóxico da UDC.

Nas actuacións destinadas á extensión universitaria, os polos de intervención foron as áreas de Riazor, Esteiro e A Maestranza. De modo xeral actuouse conxuntamente en obras de edificación e de espazo público, ligando a apertura á cidadanía dos usos universitarios coa apertura efectiva dos espazos físicos. Así, na primeira das áreas traballouse tanto nun proxecto de espazo público destinado a mellorar a unión entre o Centro Universitario de Riazor, a Normal e o resto de edificios dotacionais da área (do que se executou unha primeira obra, consistente na demolición do muro de peche do CUR e na conversión en zona verde de par-

te do antigo aparcadoiro) como na edificación, cos proxectos de reforma do soto e do teatro da Normal e o proxecto para adaptación global dese centro ao DBSI do Código Técnico da Edificación.

Na área de Esteiro do campus de Ferrol, as obras para o acondicionamento do soto do Centro Cívico como ximnasio e do primeiro andar como zona administrativa e de actos culturais acompañáronse coa apertura e acondicionamento da praza entre o Centro Cívico, a Facultade de Humanidades e a Vicerreitoría. Ademais, o Servizo de Arquitectura e Urbanismo realizou tamén un estudo para restrinxir as áreas a que se pode acceder con vehículo rodado. Por último, na área da Maestranza, recibíuse a obra de reforma da Aula Náutica, en que os usos docentes coexistirán con espazos destinados a cursos de verán.

Outras intervencións en urbanización durante o ano 2011 foron a mellora do acceso aos novos departamentos desde a Facultade de Ciencias e ao Pavillón PFC desde a Escola de Arquitectura, o proxecto de restauración paisaxística de contorno da sala multiusos da Zapateira –posibilitado pola demolición previa da sala de caldeiras–, a plantación de 60 novas árbores na estrada que une as áreas de Elviña e A Zapateira e a peonalización da estrada superior da Facultade de Dereito.

Dentro da edificación, no eido da eficiencia enerxética, redactáronse os proxectos para mellorar a eficiencia do andar 4 da ETS de Arquitectura e do andar 4 da EU de Arquitectura Técnica.

As obras de mellora de accesibilidade priorizaron aqueles centros con carencias máis evidentes e, en especial, na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, para a que se realizou un ambicioso plan que xunta proxectos de mellora da accesibilidade a aulas e á biblioteca. Actuacións máis puntuais realizáronse para o

SAPE, a accesibilidade ao Pavillón PFC da ETSAC, a Facultade de Informática e a Escola Universitaria Politécnica.

Xa por último, na liña de mellora da vivenda universitaria e dos servizos administrativos e de atención ao estudante, redactouse o proxecto básico para a construción dunha residencia universitaria en tres bloques do antigo cuartel Sánchez Aguilera de Ferrol e o proxecto de reforma interior do Lagar, no campus de Elviña.

	Orzamento executado 2011	Estado a 31/12/11
Edificio da Area Científica	1.290.007,17 €	Finalizado setembro
Aularios e Seminarios ETSA	446.585,12 €	En suspensión por revisión do planeamento urbanístico.
Acondicionamento Exterior Centro Cívico Universitario de Ferrol	156.509,42 €	Finalizado decembro
Acondicionamento Interior Centro Cívico Universitario de Ferrol	408.234,31 €	Finalizado decembro
Reforma Aula Náutica	455.241,82 €	Finalizado decembro
Adaptación EEES Facultade Dereito Fase II	156.724,98 €	Paralizada por liquidación da empresa
Fase I Campus Center	354.187,85 €	En suspensión pola tramitación da licenza municipal
Reforma da urbanización do contorno da Facultade de Dereito	32.669,87 €	Paralizada por liquidación da empresa
Novos departamentos na Facultade de CC Educación	51.338,94 €	Paralizada por liquidación da empresa

Cadro 196 Orzamento para infraestruturas executado en 2011 (segue)

	Orzamento executado 2011	Estado a 31/12/11
Novas aulas para a adaptación ao EEES Facultade de Economía e Empresa	58.952,26 €	Finalizado agosto
Novas aulas para a adaptación ao EEES Facultade de Informática	21.564,73 €	Finalizado agosto
Novas aulas para a adaptación ao EEES Facultade de Ciencias	49.948,52 €	Finalizado setembro
Residencia Universitaria Sánchez Aguilera	85.000,00 €	Recibido setembro
Proxecto de reforma interior da Casa do Lagar	16.280,46 €	Recibido outubro
Proxecto de reforma interior do teatro da Normal	20.886,00 €	Recibido setembro
Proxecto de reurbanización do contorno da sala multiusos da Zapateira	11.151,00 €	Recibido setembro
Proxecto de mellora da eficiencia enerxética da EUAT	9.278,18 €	Recibido xullo
Proxecto de mellora da eficiencia enerxética da ETSA	13.354,61 €	Recibido outubro
Proxecto de mellora da accesibilidade na EUAT. Novo ascensor	4.298,03 €	Recibido novembro
Proxecto de mellora da accesibilidade na EUAT. Aulas e zona wifi	4.668,46 €	Recibido setembro
Proxecto de mellora da accesibilidade na EUAT. Biblioteca	10.428,49 €	En redacción
Proxecto de mellora da accesibilidade SAPE	5.900,00 €	Recibido decembro
Obras de mellora EUP Serantes	58.759,28 €	Recibido decembro
Proxecto para a adaptación da Normal ao DBSI	872,85 €	Recibido novembro
Proxecto para reformar o soto da Normal	11.782,30 €	En redacción
Xardín do CUR. Demolición do muro e plantación de céspede	26.846,20 €	Finalizado abril
Xardín do CUR. Anteprojecto	0,00 €	Finalizado en xuño polo SAU
Acceso á Unidade Mixta de Investigación da Madeira	45.909,03 €	Finalizado novembro
Estudos previos para a urbanización da área entre a ETSA e o aparcadorio ETSA-EUAT	4.342,40 €	Recibido novembro
Estudo para a limitación do acceso rodado no campus de Ferrol	0,00 €	Finalizado en abril polo SAU
Accesibilidade aos despachos da Facultade de Ciencias	13.853,62 €	Finalizado en abril
Composterio	6.862,30 €	Recibido novembro
ASISTA	112.873,10 €	Recibido outubro

Cadro 196 (continuación) Orzamento para infraestruturas executado en 2011

Medio Ambiente

No ano 2011 o traballo da Oficina de Medio Ambiente centrouse nas tarefas de educación e sensibilización ambiental. Continuaron as actuacións arredor do Proxecto Ríos e a erradicación de flora alóctona xa iniciados en anos anteriores. Neste eido destacou como novidade a organización da Primavera Ambiental e a Feira da Sustentabilidade. Así mesmo, comezou o I ciclo de conferencias Responsabilidade Social e Medio Ambiente.

No eido da mobilidade, e de acordo co Plan de mobilidade e espazo público da UDC, elaborado no ano anterior, realizouse o chamado *Estudo de medios* ou *Aproximación á mobilidade no campus universitario*, a partir do cal se elaborou a exposición *Aproximación á mobilidade universitaria na Coruña*. De forma conxunta, as exposicións sobre pegada ecolóxica e esta nova sobre mobilidade, puideron verse en diversos centros da UDC. Continuou a xestión do préstamo de bicicletas, que na súa convocatoria de setembro mostrou un forte incremento nas demandas da comunidade universitaria ao superar as 500 solicitudes.

Avanzouse no *Proxecto Sostauga* e na implantación do Plan enerxético. Elaborouse e publicouse a memoria dun estudo sobre *Flora exótica invasora no campus de Elviña-A Zapateira*.

Ao longo do ano implantouse a recollida selectiva e a compostaxe *in situ* dos residuos orgánicos dos comedores da Facultade de Filoloxía e da Escola Técnica Superior de Arquitectura, con excelentes resultados en canto a calidade do compost obtido e a participación dos diferentes axentes implicados, desde o persoal dos servizos de comedor, até a empresa de xardinería.

A totalidade dos residuos orgánicos xerados nestes centros, algo máis de 5.000 kg, xunto con outros 2.000 kg de restos vexetais triturados, foron convertidos en compost de alta calidade. Elaborouse un proxecto de hortas urbanas e unha proposta organizativa e de xestión das mesmas, un proxecto chamado a confluír coa compostaxe dos residuos orgánicos e o peche dos ciclo destes materiais no ámbito do campus.

A UDC participou nun importante estudo da Comisión sectorial da CRUE para a Calidade ambiental, o Desenvolvemento sustentábel e a Prevención de riscos, que tivo como obxectivo a definición dun sistema de indicadores de sustentabilidade nas Universidades españolas, e que no futuro poderá empregarse como unha base para avaliar o progreso en sustentabilidade das institucións universitarias.